ACTIVIDADE PORTFOLIO DE ADULTOS Curso 2011/2012 1	
TÍTULO DA ACTIVIDADE	***O meu primeiro vídeo CV em português***
IDIOMAS	□ GALEGO □ FRANCÉS **X** PORTUGUÉS □ CASTELÁN □ ALEMÁN □ INGLÉS □ ITALIANO
DESCRITORES A TRABALLAR	Son capaz de entender frases, expresións e palabras se se refiren a temas de relevancia inmediata; por exemplo, información fundamental sobre unha persoa, a súa familia, traballo ou ámbito. Son capaz de entender instrucións básicas Son capaz de describir a miña familia, a min mesmo e a outras persoas. Son capaz de falar de xeito sinxelo das miñas afeccións e das cousas que me interesan. Son capaz de describir a miña formación, o meu traballo actual e outras actividades realizadas. Son capaz de escribir notas e mensaxes breves e sinxelas relativas ás miñas necesidades inmediatas. Son capaz de dar unha charla moi breve acerca de algo que coñeza moi ben, se podo obter axuda co idioma. Son capaz de entender e de dar consellos sinxelos do tipo "Deberías deixar de fumar".
DESTREZAS QUE SE INCLÚEN	X COMPRENDER: **X** comprensión auditiva / X comprensión lectora X FALAR: **X** expresión oral / X interacción oral (conversar) X ESCRIBIR: X expresión escrita
OBXECTIVOS	Ser capaz de: a) facer uso da lingua portuguesa con unha finalidade práctica na realidade persoal, incluso cos recursos limitados propios do nivel básico. b) entender, seguir e redactar instrucións básicas para a realización dunha tarefa. c) dar consellos e facer suxestións, e aceptalos ou rexeitalos. d) planificar con antecedencia unha intervención oral breve.

Modelo: MD55EST104/Revión: (00) 15/10/2004

	e) comprender e dar oralmente información persoal básica relacionada co ámbito laboral.
NIVEL	A2
SECCIÓN DO PEL	□ BIOGRAFÍA □ PASAPORTE DE LINGUAS **X** DOSSIER
PROCEDEMENTO	1.- Ler individualmente a información sobre vídeo-currículos do portal *Universia* en http://www.emprego.universia.pt/videocv/index.jsp , especialmente la sección "*Regras e dicas para criar um vídeo CV*" en http://www.emprego.universia.pt/videocv/regras.jsp . 2.- En grupos de tres estudantes, seleccionar as regras e consellos máis importantes e engadir outros que consideremos que faltan, utilizando frases breves comezadas polas expresións *"É preciso / bom / importante / aconselhável / imprescindível ..."*. 3.- En grupo clase, comprobar as coincidencias e diferencias e estabelecer por votación unha lista única de regras e consellos para elaborar un vídeo-currículo. 4.- Ver tres veces en grupo clase os exemplos de vídeo-currículo que podemos encontrar en: a) http://www.universia.tv/ES/VIDEO/18137_EXEMPLO-VIDEO-CV-FLV ou http://www.youtube.com/watch?v=jYueyqsRXug b) http://www.emprego.universia.pt/videocv/exemplos.jsp ou http://www.youtube.com/watch?v=0EIUSmygJ5k 5.- Cubrir individualmente para cada vídeo a seguinte ficha: *Nome:* _____ *Idade:* _____ *Profissão:* _____ *Habilitações literárias:* _____ *Experiência profissional:* _____ *Outras experiências:* _____ *Línguas:* _____ *Capacidades:* _____ *Gostos e interesses:* _____ *Tipo de emprego pretendido:* _____ 6.- En grupo clase, comprobar a coincidencia das respostas e ver de novo

Modelo: MD55EST104/Revión: (00) 15/10/2004

	aquelas partes dos vídeos que provoquen dúbidas ou discordancias. 7.- En grupo clase, indicar para cada vídeo as regras e consellos da nosa lista que cumpre e os que non cumpre. Facer suxestións de mellora coa expresión "*Era melhor...*" 8.- Redactar individualmente un guión simples para a elaboración dun vídeo currículo persoal de acordo coas regras que elaboramos a partir das regras e consellos do portal *Universia* (vídeo-currículos de 1 minuto de duración). 9.- Gravar individualmente un vídeo co currículo persoal, utilizando o guión como axuda para saber o que se di primeiro e o que se di despois, pero non como texto para ler: o vídeo-currículo debe conter fala espontánea e non lectura en voz alta. 10.- En grupo clase, ver os vídeos realizados polos estudantes e realizar as actividades 5, 6 e 7 con todos. Os compañeiros e o profesor farán tamén suxestións de mellora lingüística. 11.- Gravar individualmente unha segunda versión do vídeo-currículo incorporando as suxestións feitas polos compañeiros e polo profesor. Despois de mostrar de novo o vídeo-currículo á clase, cada estudante incorporará o seu vídeo-currículo en portugués ao dossier do seu Portfolio. Pode tamén, se o desexa, publicalo na Internet na páxina da EOI ou nalgún portal lusófono especializado (por exemplo, http://videos.sapo.pt). **[Nota: ligazóns aos recursos na Internet consultadas o 26 de xaneiro de 2012]**
AVALIACIÓN: **Seguimento**	As actividades 10 e 11 do procedemento constitúen a fase de avaliación da actividade, incorporando a avaliación polos pares e polo profesor, e con un elemento final de avaliación (o vídeo-currículo) que mostra o nivel de competencia do estudante na expresión oral, que ten unha utilidade práctica na vida real e que queda incorporado ao dossier do Portfolio.
AVALIACIÓN: **Nivel de participación**	Observación polo profesor das contribucións de cada estudante para a mellora dos vídeo-currículos dos seus compañeiros.
IMPACTO PREVISTO	O principal impacto da actividade é incorporar o uso da lingua portuguesa con unha finalidade práctica na realidade persoal de cada estudante, logo no nivel básico, favorecendo actitudes positivas cara ao idioma (utilidade práctica e capacidade de comunicación real incluso con recursos básicos e limitados).

Modelo: MD55EST104/Revión: (00) 15/10/2004